NOTAS AO PROGRAMA

Para o programa desta mañá contamos cunha colaboración moi especial, posto que imos poder escoitar xunto ao persoal da nosa banda, a un nutrido grupo de novos valores de percusión, pertencentes ao Conservatorio Superior de Músca e tamén ao profesional desta cidade. Cando cheguei, xa había un convenio mediante o cal algún alumno brillante do superior podía tocar como solista acompañado por nós. Foi o meu empeño continuar dita liña de colaboración, pero aumentando o contido do devandito convenio.

Comprometémonos no futuro para estrear obras escritas desde o departamento de composición, e a realizar proxectos específicos de colaboración como o de hoxe. Por unha banda damos a oportunidade a novos talentos de aumentar as súas experiencias no mundo profesional, por outra grazas á súa participación, podemos ofrecer unha obra como *"La Noche de los Mayas"*, que require un persoal de percusión xigante, e por último desde a Concellería de Cultura estreitamos lazos coas institucións educativas musicais máis importantes da Coruña.

Aproveitando a participación dos percusionistas colaboradores abrimos o programa de hoxe con *"Burrrundi"*, obra que obtivo o Primeiro Premio, e o Premio Especial do Público no I Concurso Internacional de Composición para Ensembles de Percusión celebrado en Marmande (Francia) en 2006. Reproducimos a continuación o comentario que incluín na partitura para a súa publicación na Colección "Percus Sons" da editorial francesa Alfonce Production: "Desde hai bastante tempo estiven interesado na etnomusicología en xeral, e na música africana en particular, sobre todo pola inesgotable riqueza rítmica que posúe. Hai anos (2003) tiven a sorte de presenciar unha actuación do grupo *"Los Tambores de Burundi"*, que me impresionou non só pola forza rítmica das súas danzas e ritmos, senón polo feito de tratarse dun conxunto formado por membros das dúas etnias rivais (Hutus e Tutsis) dun país arrasado polos conflitos civís, triste protagonista de recentes traxedias humanitarias. Lembro estupefacto como despois de máis dunha hora de pura enerxía sobre o escenario, o público parecía hipnotizado e como resultaba imposible que inconscientemente o corpo non se movese ao son daqueles tambores, instrumentos elevados á categoría de símbolo sacro na súa cultura. Esta obra está inspirada na forza dos ostinatos rítmicos destas danzas".

A seguinte obra do programa supón un gran contraste, pasando a un mundo sonoro totalmente distinto. Trátase de as *"Tres Elegías"* para nove clarinetes do compositor inglés Gavin Bryars, que traballou en terreos tan distintos como o jazz, a imrpovisación libre, o minimalismo ou a música experimental. A presente obra está dedicada a Roger Heaton, membro do ensemble de Bryars durante moito tempo, e está inspirada na súa refinada maneira de tocar. Foi estreada o 3 de maio de 1994 no Townsgate Theatre de Basildon. O compositor apunta ademais a posibilidade de acompañar tenuemente con percusión ao ensemble de clarinetes. Esta peza permítenos gozar, do mesmo xeito que ocorreu no primeiro concerto desta tempada con *"New York Counterpoint"* de Steve Reich, do grupo excepcional de clarinetistas que posúe o persoal da nosa banda.

Xa na segunda parte, imos interpretar unha peza pouco común nos programas, pola súa dificultade e pola esixencia dun grupo de ata trece percusionistas. Trátase de *"La Noche de los Mayas"*, do compositor mexicano Silvestre Revueltas, de quen en datas recentes puidemos escoitar a súa *"Sensemayá"* (canto para matar unha culebra). Organizada en catro tempos, esta gran sinfonía india foi escrita en 1939 orixinalmente para a película homónima de Chano Urueta, de escaso valor cinematográfico. De feito, a presentación en forma de suite non é idea do propio Revueltas, senón de José Ives Limantour, quen 20 anos despois da morte de Revueltas, publicou parte do material da música cinematográfica dándolle a presente configuración, e difundíndoa como a "Sinfonía póstuma" do xenio mexicano. Ives Limantour dirixiu a estrea o 30 de xaneiro de 1961 coa Orquestra Sinfónica de Guadalajara (México). Dos seus catro tempos, destaca o ultimo *"Noche de Encantamiento"*, organizado como un Tema e Variacións, no que toma o protagonismo a extensa sección de percusión, que mesmo ten a posibilidade de improvisar unha cadencia sobre as estruturas propostas.

Andrés Valero-Castells
www.andresvalero.com

PROGRAMA

La Noche de los Mayas

Director: Andrés Valero-Castells

I PARTE

BURRUNDI
para grupo de percusión (2005-AV56)**
Andrés Valero-Castells (1973)

TRES ELEGÍAS
para clarinetes (1993)**
Gavin Bryars (1943)

II PARTE

LA NOCHE DE LOS MAYAS (1939)**
Silvestre Revueltas (1899-1940)**
arranxo: Douglas McLain

I Noche de los Mayas
II Noche de Jaranas
III Noche de Yucatán
IV Noche de encantamiento

** 1ª audición BMMC

Nota: polo ben de todos prégase desconecten os móviles durante o tempo do concierto. Grazas

ANDRÉS VALERO-CASTELLS

(director)

(Silla, 1973). Se forma nos CCSS de Valencia e Murcia, titulóuse en 8 especialidades, con 4 Mencións de Honra e Premio Fin de Carreira. Foron seus profesores máis destacados R. Ramos, L. Balada, E. García Asensio, E. Cifre, M. Galduf, J. Mª Vives, V. Campos, etc. Asistíu a cursos de perfeccionamento con B. Ferneyhough, J. Rueda, J.M. López, C. Halffter, T. Marco, L. de Pablo, M. Hernández Silva, P. Sánchez Torrella, etc. Obtuvo o *Diploma de Estudios Avanzados* (D.E.A.) por a UCV. Dende 2004 ocupóu unha cátedra no Conservatorio Superior "J. Rodrigo" de Valencia.

Dende que no 2001 gañara o "A. Gaos" na Coruña, e estreara coa OSG, desarrollou unha intensa carreira como compositor, director, e docente. Recibiu premios e distincións en Francia, Italia, EEUU e España. Suas obras se interpretaron na maior parte de Europa, América e Asia. Suas partituras están editadas en España, Francia, Suiza, e EEUU. No terreo sinfónico estrenou con as sinfónicas de Valencia, Galicia, Córdoba, Murcia, RTVE, Nacional de España, The World Orchestra, solistas del Covent Garden, Filarmónica de Medellín, Baltic Neopolis, etc. Conta con unha ampla discografía, realizada en España, Noruega, Francia, Suiza, Holanda, EEUU, y Japón. Foi directivo da *Asociación de Compositores Sinfónicos Valencianos*; residente del Festival Internacional Spanish Brass, e da *Joven Orquesta de la Generalitat Valenciana*. É membro de número da *M. I. Academia de la Música Valenciana*.

Foi Director Principal Convidado da *Orquesta y Banda Primitiva de Llíria*; fundador do ensemble Estudi Obert; director das bandas da SAM de Picassent,o CIM de Mislata, e a *Lírica de Silla*; como convidado dirixíu entre outras formacións, a *Orquesta de Valencia*, as *Bandas Municipales de Valencia, Madrid, Barcelona, Alicante, A Coruña, Santiago de Compostela*, etc., así como a banda da *FSMCV, a de Musikene, a Artística de Buñol, o Día de la Música Valenciana, etc*. Dirixíu estreos absolutos e nacionales de L. Balada, H. Mertens, M. Daugherty, S. Sciarrino, de L. Berio, R. Mira, F. Tamarit, Ll. Barber, J. Lord, etc. Dirixíu en varias ocasións ensembles, ópera en concerto, e bandas sinfónicas no *Festival Internacional de Música Contemporánea de Valencia Ensems*. Ademáis a súa versatilidade levoulle a abordar proxectos singulares como a grabación dun *dvd* para Sony có grupo de rock *Barón Rojo e o CIM de Mislata.*

www.andresvalero.com

VINDEIROS CONCERTOS

PAZO DA ÓPERA

3 de abril

30 de abril

Se desexan ser informados das nosas actividades mediante correo electrónico, poden solicitalo en ***banda@coruna.es***

PAZO DA ÓPERA

20 DE MARZO - 12.15 H.

DIRECTOR:

ANDRÉS VALERO-CASTELLS

TEMPADA 2015/2016

BMMC

BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA DE A CORUÑA